



SAL. 2005 18.07.13 11:00

Á vista do escrito de D. Ricardo Riguera Vega, Director do Grupo de Investigación **GI 1608-Nanobiomol (CIQUS)**, e Catedrático de Química Orgánica da Universidade de Santiago de Compostela, polo que manifesta a súa disposición a recibir alumnos/as para a realización das prácticas do alumnado do Grao en Enxeñaría Química impartido na Escola Técnica Superior de Enxeñaría da Universidade de Santiago de Compostela, esta REITORÍA

-Considerando que o grupo de investigación **GI 1608- Nanobiomol (CIQUS)** arriba citado está integrado na Universidade de Santiago de Compostela.

-Considerando que é vontade da Universidade potenciar a realización de actividades de formación, especialización e prácticas no ámbito dos estudos das titulacións de Grao coa finalidade de contribuír a unha mellor e máis completa formación e cualificación do estudiantado.

RESOLVE

Autorizar a realización das prácticas do alumnado do Grao en Enxeñaría Química nas instalacións da ETSE que se realizarán conforme ao seguinte réxime:

- As prácticas que realicen os alumnos/as terán unha carga docente de 6 créditos ECTS , e desenvolveranse de xeito continuado nun período de 10 semanas, ou ben en períodos discontinuos, previo acordo consensuado entre o alumno/a e a dirección do proxecto. Computarase un crédito ECTS por cada vinte e cinco horas de prácticas, sen poder superar o límite de 150 horas, que establece o plano de estudos para estes efectos..
- O obxecto das prácticas que se van realizar consistirá en que os alumnos/as se familiaricen cos métodos e técnicas de traballo dun laborototio de Química, no que se desenvolven novos materiais (polímeros, sensores, etc), para a súa aplicación en Nanotecnoloxía. O número de prazas ofertadas fixarase en cada convocatoria dacordo co coordinador de prácticas da titulación .
- Estas prácticas realizaranse no período que determine a ETSE, de acordo co Director do Grupo de Investigación **GI 1608-Nanobiomol (CIQUS)** e concretaranse nas convocatorias que faga a USC.
- Ningún alumno/a terá a posibilidade de prorrogar ou repetir as prácticas realizadas ao abeiro deste convenio.
- Estas prácticas non comportarán compensación económica algunha. O feito de que o alumnado realice prácticas non suporá ningún tipo de relación laboral coa Universidade nin determinará a existencia de ningunha responsabilidade pola súa parte.
- Os alumnos/as que van realizar as prácticas serán seleccionados consonte unha convocatoria que respectará os principios de publicidade, igualdade, obxectividade e mérito.
- A ETSE nomeará a un titor/a, que realizará o seguimento das prácticas dos alumnos. Así mesmo, a dirección do grupo de investigación nomeará a un titor/a que supervisará as prácticas realizadas polo alumno.

- Ao rematé de cada período de prácticas cada un dos alumnos/as deberá realizar unha memoria final sobre o traballo realizado.
- A avaliación das prácticas realizaraa a USC a través do titor/-a, á vista da devandita memoria e do informe do titor/-a de prácticas do grupo de Investigación..
- As prácticas soamente poderán ser avaliadas favorablemente se a ausencia do alumno/a non excede do 15% das horas programadas, ou o que determine a guía docente do programa de estudos.
Se a avaliación da memoria é positiva e o informe da actuación do alumno/a favorable, o responsable do Grupo de investigación emitirá por cada un dos estudantes que participaran con regularidade nas prácticas unha certificación na que debe constar o tempo de colaboración e as actividades, traballos de investigación ou avaliación, etc. realizados.
A certificación deberá especificar que, para os efectos académicos, queda supeditada á avaliación que realice a USC das prácticas.
- Aqueles alumnos/as que teñan menos de vinte e oito anos seguen baixo a protección do seguro escolar.

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2015

O REITOR



Juan Viano Rey

SR. DIRECTOR DA ETSE
SR. RICARDO RIGUERA VEGA
SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA
SRA. DIRECTORA DA OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA